

O Concello leva investidos máis de 200.000 € na mellora dos parques infantís

Tras a apertura do parque infantil de Lestedo, o Concello destinará outros 30.000€ para arranxos en Boqueixón, Codeso, Ledesma, Gastrar, Loureda, Lamas e A Granxa

A estrea do novo parque infantil do campo da festa de Lestedo foi todo un éxito tanto pola gran cantidade de familias que se congregou como polo interese que as crianzas amosaron diante dos novos xogos, especialmente da gran tiroliña que cruza toda a instalación.

Ademais, o parque conta con tres muelles, un columpio múltiple con cinco asentos (adaptados a distintas idades) e unha torre tobogán composta por tres torres con pasarela, rede e dous tobogáns.



Gran acollida veciñal ao novo parque infantil de Lestedo

Actuacións en 2024

O alcalde Ovidio Rodeiro agradeceu a asistencia da veciñanza para desfrutar “dunhas novas instalacións dirixidas a nenos e nenas de 0 a 14 anos, se ben a tiroliña pode ser utilizada por persoas de maior idade. É un parque con moitos espazos entre os distintos xogos. Iso é así para cumprir coa normativa de seguridade”. Unha actuación na que o Concello de Boqueixón investiu máis de 90.000 €.

Rodeiro Tato confirmou tamén que “este ano imos destinar 30.000 euros dos orzamentos municipais a arranxar todos os parques infantís das parroquias de Boqueixón, Codeso, Ledesma, Gastrar, Loureda, Lamas e A Granxa”

Farase un proxecto para arranxar o chan do parque do colexio do Forte

O alcalde Ovidio Rodeiro anunciou que “ao longo de 2024 temos a intención de redactar un proxecto de mellora do parque infantil do CPI Antonio Orza Couto”. De feito, o ano pasado o Concello de Boqueixón renovou todos os elementos do parque infantil, instalando novos xogos e adaptando a súa separación de acordo coas esixencias de seguridade. Agora tocaría o arranxo da superficie de xogo, deteriorada polo uso.



Tres parques infantís cubertos no municipio

A pesar de non chegar aos 5.000 habitantes, Boqueixón pode presumir de contar con algúns servizos de maior calidade que en moitas cidades. É o caso dos parques infantís cubertos. Mentres outros municipios da contorna están coas obras de cubrición do primeiro ou coa segunda instalación, Boqueixón ten cubertos xa os parques infantís das unitarias de Sergude, Lestedo e Campo-rapado.

Décima edición do certame de relato curto X. Neira Vilas

A biblioteca municipal e o CPI Antonio Orza Couto recollen ata o 22 de abril as obras do X Certame de relato curto Xosé Neira Vilas. Bases en www.boqueixon.gal.

Xestión da biomasa, antes do 31 de maio

O Concello lembra que, de acordo coa normativa forestal para previr lumes, as persoas propietarias deberán xestionar a biomasa nas franxas secundarias antes do 31 de maio, realizando rozas ou cortas nas zonas próximas a núcleos de poboación.

Renova ou obtén o DNI o 29 de abril

A Unidade Móbil do DNI estará o luns 29 de abril na casa do Concello de Boqueixón, a partir das 9:00 h. Para acudir a obter ou renovar o DNI é preciso pedir cita previa: 981 51 31 15.

Prazo para solicitar actuacións da Rede Cultural

O prazo para que as asociacións poidan solicitar de xeito telemático espectáculos da Rede Cultural da Deputación estará aberto do 3 as 14:00 horas do 17 de abril. Máis información no Departamento de Cultura: 981 513 115



Avances para a posta en marcha do parque comarcal de bombeiros

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, participou nunha xuntanza convocada polo Concello de Santiago para tratar sobre a posta en marcha do futuro parque comarcal de bombeiros. Despois de máis de vinte anos de espera, Xunta de Galicia e Deputación da Coruña confirmaron que chegarán 3 millóns de euros a este proxecto: dous millóns para as obras das futuras

instalacións e un millón de euros anual para os custos do persoal. Neste sentido, agárdase incorporar entre 15 e 20 membros novos.

Ovidio Rodeiro amósase moi satisfeito por estes avances xa que “o parque comarcal de bombeiros é fundamental para garantir a seguridade dos nosos veciños e veciñas. Agardamos que despois de 20 anos de agarda, desta vez vaia de-

finitivamente adiante e se poida poñer en marcha o antes posible”.

O parque comarcal de bombeiros daría servizo a un total de nove municipios: Ames, Boqueixón, Brión, Compostela, O Pino, Teo, Trazo, Val do Dubra e Vedra. Nove concellos que suman case 180.000 habitantes e unha extensión de máis de 900 quilómetros cadrados.

O museo virtual da Fundación Jove despídese do CRA Boqueixón

O CRA Boqueixón-Vedra “Neira Vilas” vén de finalizar a súa participación en “O MUV na escola rural”, un programa da Fundación María José Jove para fomentar o acceso á cultura aos menores do rural. Tres semanas nas que alumnado e docentes desfrutaron do MUV coas gafas de realidade virtual e o ordenador achegados. A maiores, plantaron sementes na contorna do centro.



O Concello inviste 19.000 euros na mellora do interior da aldea de Lamas

O alcalde Ovidio Rodeiro anuncia que “nas próximas semanas continuaremos con varias actuacións máis en Pousada, Loureda, Lestedo, Gastrar, Vigo e Boqueixón”

O Concello de Boqueixón vén de rematar as obras de mellora dos viarios interiores da aldea de Lamas, na parroquia de Sergude. Uns traballos nos que o executivo local investiu preto de 19.000 euros. “Nas vindeiras semanas continuaremos con varias actuacións en Pousada, Loureda, Lestedo, Gastrar, Vigo e Boqueixón”, adianta o alcalde, Ovidio Rodeiro Tato.

As obras consistiron na mellora da capa de rodaxe da estrada con 6 centímetros de aglomerado en quente, previo bacheo con grava e tratamento asfáltico semiprofundo. As obras

incluíron tamén o pintado das liñas de bordo da estrada e a súa sinalización horizontal, así como a limpeza de gabias e salvagabias para unha correcta drenaxe das augas da choiva.

A maiores, o Concello está nestes momentos licitando unha nova obra de mellora de viarios en Lamas, desta vez sobre unha superficie de 1.050 m² e con cinco centímetros de aglomerado en quente. As obras, que inclúen tamén a demolición do palco existente e o amaño da superficie afectada, suporán un investimento de case 27.000 euros.



Mellora dos viarios interiores da aldea de Lamas, na parroquia de Sergude



Mellora de pistas forestais en Vigo, Ledesma, Lestedo, A Corna e Pousada

O Concello de Boqueixón continúa coas obras de mellora de pistas e camiños forestais. Despois de Gastrar, neste mes de marzo os traballos centráronse na aldea da Corna e Pousada, primeiro, e despois en Ledesma, Vigo e Lestedo.

CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
01 abr	14 abr	Lestedo	Campo da festa
15 abr	21 abr	Lamas	Campo da festa
22 abr	28 abr	Vigo	Campo da festa
29 abr	05 mai	Loureda	Campo da festa

Formación para as traballadoras do SAF Boqueixón

Traballadoras e traballadores do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de Boqueixón recibiron formación en materia de alimentación e nutrición. Un curso gratuíto que tivo lugar no salón de plenos boqueixonés e que foi impartido e organizado por de Fegadace, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Boqueixón e a Consellería de Política Social e Xuventude.

Durante catro horas e media, os coidadores aprenderon técnicas compensatorias e de tratamento no eido domiciliario para afrontar as dificultades e particularidades que existen na alimentación e nutrición en persoas con dano cerebral adquirido. Por iso, ao rematar o curso recibiron un certificado da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde.

Aberta a convocatoria de axudas de 400 € para fomento da natalidade

O Concello de Boqueixón vén convocar as axudas destinadas ao fomento da natalidade no municipio durante 2024. Unhas axudas de ata 400 € que teñen unha dobre finalidade: axudar parcialmente ás familias cos custos derivados do nacemento, acollida ou adopción de nenos empadroados en Boqueixón; e fomentar o comercio local, xa que o gasto subvencionado deberá ser realizado en empresas radicadas no noso municipio.

As axudas serán de 400€ por cada neno/a nado/a entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024, que se ampliará a 500€ no caso de acreditar unha discapacidade do 33% ou superior. As subvencións outórganse independentemente da renda familiar e os beneficiarios deben utilizala para comprar produtos infantís, como alimentos e produtos de hixiene, en tendas en Boqueixón.

As solicitudes deben presentarse, preferentemente, por vía electrónica ou presencialmente no Rexistro Xeral do Concello. Hai

Axudas á natalidade

2024



que son?

AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA SUFRAGAR OS GASTOS DO NACEMENTO E/OU ACOULAMENTO OU ADOPCIÓN DE NENOS/AS EMPADROADOS/AS EN BOQUEIXÓN ENTRE O 1 DE XANEIRO E O 31 DE DECEMBRO DE 2024

canto é a axuda?

AS AXUDAS SON DE 400 EUROS POR NENO/A, QUE DEBERÁN SER GASTADOS EN ESTABLECIMENTOS COMERCIAIS DE BOQUEIXÓN

que gastos se subvencionan?

AS AXUDAS DEBERÁN SER GASTADAS EN COMERCIOS DE BOQUEIXÓN E EN BENEFICIO DO/A NENO/A: CUIROS, LACTEOS, ALIMENTOS INFANTÍS, ROUPA, CALZADO, ENXOVAL, PRODUTOS DE HIXIENE, MEDICAMENTOS...

como solicitalas?

POR VÍA ELECTRÓNICA OU DE FORMA PRESENCIAL NO REGISTRO XERAL DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN:
A) ATA O 10 DE ABRIL PARA NADOS, ADOPTADOS OU ACOULIDOS ENTRE O 01/01/24 E O 26/03/24
B) 15 DÍAS NATURAIS, A CONTAR DESDE O DÍA SEGUINTE AO NACEMENTO, ADOPCIÓN OU ACOULIDA, PARA O RESTO

máis información?

DEPARTAMENTO DE FORMACIÓN E EMPREGO
WWW.BOQUEIXON.GAL / 981 513 061



Concello de Boqueixón

dous prazos:

- para os nados entre o 1/1/2024 e o 26/3/2024 (data de publicación do extracto das bases no BOP) terán un prazo de 15 días

naturais a contar desde o 27/3/2024.

- e 15 días naturais, contados dende o día seguinte do nacemento, adopción ou acollemento, para o resto.



Protección Civil de Boqueixón participa nun simulacro de accidente aéreo en Lavacolla

Integrantes da agrupación de voluntarios de Protección Civil de Boqueixón tomaron parte no simulacro de accidente aéreo que cada dous anos organiza o aeroporto de Santiago para poñer a proba os procedementos de emerxencia.

Un operativo no que participaron 250 persoas entre Protección Civil de Santiago e Boqueixón, Bombeiros, 061, Cruz Vermella, Policía Nacional, Policía Local, Garda Civil, Imelga, Xulgado e persoal de Aena.

O prazo para anotarse nos Campamentos de Verán 2024 abrírase do 15 ao 26 de abril

O Departamento de Xuventude do Concello de Boqueixón presenta unha nova edición dos campamentos de verán. Trátase dunhas actividades socio-educativas e de desenvolvemento persoal que busca potenciar as relacións entre a rapazada mentres desfrutan de actividades que promoven os hábitos de conduta saudables, o contacto coa natureza ou a convivencia entre iguais.

O Concello de Boqueixón convocará tres campamentos, de acordo coa idade dos participantes. A preinscrición estará aberta do 15 ao 26 de abril na web municipal (www.boqueixon.gal).

O primeiro é un Minicampamento de Aventura dirixido a nenos e ne-

nas nados nos anos 2013, 2014 e 2015. Desfrutarán un campamento de catro días e tres noites, nunha zona aínda por decidir, do 22 ao 25 de xuño.

Paralelamente, o Campamento de Mar terá lugar do 22 ao 29 de xuño (8 días e 7 noites) e está dirixido a mozos e mozas de maior idade (nados no 2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013).

Campamento xuvenil

A Viaxe do Verán deste ano 2024 terá como destino un punto turístico famoso polas súas praias: Alicante. Terá lugar do 22 ao 28 de xullo (7 días e 6 noites, con saída do 21 de xuño) e nel poderán participar mozos e mozas nados nos anos 2006, 2007 e 2008.

CAMPAMENTOS DE VERÁN 2024

Concello de Boqueixón | Concello de Vedra

MINICAMPAMENTO DE AVENTURA

DATAS: do 22 ao 25 de xuño (4 días, 3 noites)

DIRIXIDO: Nados/as 2013, 2014 e 2015

CAMPAMENTO DE MAR

DATAS: do 22 ao 29 de xuño (8 días, 7 noites)

DIRIXIDO: Nados/as 2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013

CAMPAMENTO XUVENIL: VIAXE DO VERÁN A ALICANTE

DATAS: do 22 ao 28 de xullo (7 días, 6 noites. Saída o día 21)

DIRIXIDO: Nados/as 2006, 2007 e 2008

PREINSCRICIÓNS: Do 15 ao 26 de abril en www.boqueixon.gal



O equipo Gaélico O Forte de Boqueixón gaña o Torneo Pre-Feile

O equipo Gaélico O Forte de Boqueixón, que xestiona a ANPA do CPI Antonio Orza Couto, gañou o I Torneo Pre-Feile de Fútbol Gaélico celebrado o pasado 23 de marzo nas instalacións deportivas municipais do Forte. O equipo local foi acumulando vitorias fronte a equipos como o Keltoi Montecastelo (finalista), o IES Xelmírez I, os Esquíos FC e o Resío Turonia. A próxima cita será no European Feile, en Vigo o 27 de abril.

Lara Bazarra, do Ágora Boqueixón Patinaxe Artística, debuta cun terceiro posto na categoría xuvenil

O Ágora Boqueixón Patinaxe Artística participou por primeira vez nunha fase da categoría amateur, disputada en Carballo. Neste campionato debutaron na Primeira Fase de categoría Amateur tres patinadoras do club: Celia Mosquera e Sira Vidal, cadetes de primeiro ano, e a xuvenil Lara Bazarra.

Todas tiveron unha gran actuación, especialmente Lara, quen logrou un meritorio terceiro posto na Categoría Xuvenil.



Uso das novas tecnoloxías na vida diaria

O Concello de Boqueixón, en colaboración coa Fundación Amigos Galicia, convocan unha nova edición do curso "Uso das novas tecnoloxías na vida diaria", dirixido especialmente a persoas maiores. Un curso gratuito que terá lugar o 17 e 24 de abril, así como o 8 e 15 de maio.

Nestas catro sesións, os maiores de Boqueixón aprenderán a manexar os seus teléfonos móbiles, manexar a APP do Sergas e aprenderán tamén a realizar as súas xestión nun caixeiro automático. Inscripcións no Departamento de Cultura ou no 981 513 115.

Obradoiros de prevención de condutas adictivas

O Programa de prevención de condutas adictivas, que organiza o Concello de Boqueixón en colaboración coa Consellería de Sanidade, ten programadas tres obradoiros informativos para o alumnado de 1º e 2º da ESO e de 6º de Primaria do CPI Antonio Orza Couto.

Os alumnos e alumnas de 2º da ESO cursarán un taller de prevención de condutas adictivas os días 5 e 8 de abril. Para iso fomentaranse actitudes positivas e a autoestima des rapaces e rapazas, estimulando que teñan unha conducta responsable e que coñezan tamén os danos físicos e psíquicos que crean as adiccións tanto a nivel persoal como sobre terceiras persoas.

Pola súa banda, o alumnado de 1º da ESO asistirá ao obradoiro "O benestar emocional como ferramenta para potenciar o rendemento académico", que terá lugar os días o 15 e o 22 de abril. Neste caso, o obxectivo é fomentar a intelixencia emocional dos rapaces e rapazas e dotalos das ferramentas que lles axuden a motivarse e a conseguir os seus obxectivos.

O alumnado de 6º de Primaria fará un taller para entrenar as habilidades sociais, "Imos levarnos ben", os días 18 e 25 de abril. Nel buscarase dotar á rapazada de ferramentas para unha comunicación axeitada, que aprendan a resolver conflitos e fomentar a empatía entre os compañeiros e compañeiras de clase.

O Encontro de Maiores terá lugar o sábado 4 de maio no pavillón do Forte

O pavillón polideportivo municipal do Forte acollerá a edición número 31 do Encontro de Maiores de Boqueixón o sábado 4 de maio. As persoas interesadas en participar deberán recoller a súa entrada na Casa do Concello a partir do luns 8 de abril.

O Concello de Boqueixón ofrecerá servizo de traslado en autobús a todas aquelas persoas que o soliciten (consultar horarios).

Máis información no Departamento de Cultura ou no teléfono 981 513 115.



A conciliación do "Semana Activa" colga o cartel de completo

O programa "Semana Activa", unha iniciativa lúdico-educativa organizada polo Concello de Boqueixón para facilitar a conciliación das familias durante as vacacións escolares de Semana Santa, colgou este ano o cartel de completo. Este programa, con cargo ao Plan Corresponsables da Xunta, está dirixido a nenos/as de 3 a 16 anos, que disfrutaron dunha variedade de actividades de ocio nas instalacións do CPI Antonio Orza Couto.



Sesenta persoas participaron na excursión a Madrid e Segovia

Un grupo de sesenta persoas maiores, dos municipios de Boqueixón e Vedra, participaron a mediados de marzo na xa tradicional viaxe cultural de tres días, que este ano tivo como destino as vilas de Madrid e Segovia.

A expedición realizou distintas visitas guiadas a puntos de especial interese de ambas as dúas vilas, tales como o acueducto de Segovia ou o Museo do Prado de Madrid.



Concorridas andaina e contacontos para conmemorar o Día Internacional da Muller

Gran participación veciñal na programación especial con motivo do Día da Muller. Un programa que arrincou o propio 8 de marzo coa lectura do manifesto institucional, un acto no que participaron integrantes da corporación municipal presidida por Ovidio Rodeiro, traballadores/as municipais e veciñanza. A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ángela Conde, deu lectura ao manifesto, acompañada polo persoal técnico do Centro de Información á Muller.

Ángela Conde destacou que “avanzouse moito, pero somos conscientes que aínda queda moito por facer, e sen dúbida os Con-

cellos xogamos un papel esencial para lograr a igualdade real tan necesaria que todos desexamos”.

Neste sentido, asegurou que “dende o Concello de Boqueixón fago un chamamento á acción ás nosas comunidades para que se unan en solidariedade coas mulleres de todo o mundo e traballen xuntos para crear un futuro máis xusto e igualitario para todas as persoas, independentemente do seu xénero. Desde o ámbito local comprometémonos a seguir impulsando os avances que consigamos alcanzar unha sociedade mellor, máis equitativa, en definitiva, máis democrática”.

Tras o manifesto, a coordinadora de Tardes Educativas e de Lecer presentou os traballos que, con motivo do 8M, fixeron as crianzas das actividades municipais de conciliación:

- Un libro ilustrado sobre mulleres galegas relevantes
- Unha muller confeccionada con simboloxía do 8M e adornado con frases elaboradas pola rapazada dedicadas á muller.

Ambas as dúas creacións estiveron expostas na casa do concello durante o mes de marzo para poder ser vistas por toda a veciñanza.

Dous días despois tivo lugar a segunda edición da andaina “No camiño da igualdade”. Case un cento

de persoas percorreron os 14 km entre o campo da Festa de Ponte Ulla e A Susana, seguindo o Camiño de Santiago. A choiva, que obrigou a cambiar o trazado inicialmente previsto, non impediu a celebración desta xornada reivindicativa na que visibilizou e puxo en valor das mulleres no agro, nos coidados, na cultura e no deporte a través dunha serie de distintos carteis.

Esta programación rematou cunha sesión de Teatro pola Igualdade, con cargo ao programa Ler conta moito. Trémola Teatro puxo en escena o contacontos “O mundo ao revés” nun ximnasio municipal do Forte ateiñado de nenos e nenas.

O Concello pon en marcha “Boqueixón en ruta”

A programación inclúe unha excursión mensual por toda Galicia e unha visita a Sevilla e Córdoba no mes de outubro

O Concello de Boqueixón presenta “Boqueixón en ruta 2024”, un programa dirixido a toda a veciñanza e que propón unha excursión mensual con destino a distintos puntos de Galicia. O obxectivo de agrupar nun programa todas estas propostas é que todos os veciños e veciñas poidan coñecer con tempo as distintas viaxes previstas e dese xeito poidan cadrar as súas axendas.

Así, nesta primeira edición do “Boqueixón en ruta 2024” os destinos escollidos son: Ribadavia e comarca do Ribeiro (11 de maio), Canóns do Sil, Ribeira Sacra e Castro Caldelas



A primeira das excursións terá como destino Ribadavia o 11 de maio

(1 de xuño), Rías Baixas (3 de xullo), Costa da Morte e Termas de Outariz (6 de novembro). Cada excursión terá o seu prezo e as inscri-

cións poderán realizarse no Departamento de Cultura (981 51 31 15) a partir do luns 8 de abril.

A maiores haberá unha saída de sendeirismo o 15 de xuño. As persoas participantes percorreren unha fermosa ruta entre Laxe e Malpica, seguindo a costa.

Viaxe a Sevilla e Córdoba

A outra excepción será unha viaxe de varios días a Sevilla e Córdoba. As persoas interesadas en participar deberán asistir a unha reunión informativa que terá lugar o mércores 24 de abril, ás 20:00 horas, no salón de plenos do Concello de Boqueixón.

AXENDA DO MES DE ABRIL

Mércores 3 **Presentación de solicitudes á Rede Cultural da Deputación**
Ata as 14:00 h do 17 de abril.
Información: 981 51 31 15

Venres 5 **Talleres de prevención de condutas adictivas**
CPI Antonio Orza Couto.
Dirixido a alumnado de 1º da ESO (Educación emocional), 2º da ESO (prevención de condutas adictivas) e 6º de Primaria (Habilidades sociais).

Luns 15 **Campamentos de Verán**
Apertura de inscricións ata o 26 de abril.
Minicampamento de aventura, Campamento de mar e Viaxe do verán a Alicante. 981 51 31 15.
www.boqueixon.gal.

Mércores 17 **Uso das novas tecnoloxías na vida diaria**
Biblioteca Municipal. Días 17 e 24 de abril. 8 e 15 de maio.
Inscricións: 981 51 31 15.

Luns 22 **IX Certame de relato curto Xosé Neira Vilas**
Fin do prazo de entrega na Biblioteca Municipal ou no CPI Antonio Orza Couto.
Aberto a persoas adultas empadroadas en Boqueixón.
Bases en www.boqueixon.gal.

Mércores 24 **Reunión informativa viaxe Sevilla e Córdoba**
Casa do Concello.
Ás 20:00 horas.

Luns 29 **Visita da Unidade Móbil do DNI**
Casa do Concello.
A partir das 9:00 horas.
Inscricións: 981 51 31 15.

... e en maio

Sábado 4 **Encontro dos maiores**
Polideportivo do Forte, 12:30 h.
Entradas na Casa do Concello a partir do 8 de maio. Máis información: 981 513 115.

Venres 17 **X Carreira Camiño das Letras**
Pico Sacro, 10:00 h.
Dúas probas: 15 km e 5 km. 1 €. www.carreirasgalegas.com.

Domingo 19 **XLVIII Desfile de Carrozas de San Cidre**
Oural-Camporrapado.
Dende as 12:00 h.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 concello@boqueixon.es CIM: 981 513 106 cim@boqueixon.es Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.es Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com